

Titulación

Código: G3111V01 **Nome:** Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos [L] **Data publicación BOE:** 29/09/2011

Contido

Código: G3111345A **Nome:** Institucións e Política Social da Unión Europea **Ano Académico :** 2023/2024

Créditos ECTS: 6.00

Carácter: Optativo **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao/Máster

Datas de Aprobación

Data aprobación Dereito Público e Teoría do Estado: 25/05/2023

Data aprobación Dereito Público Especial e da Empresa: 25/05/2023

Profesorado do Contido

Nome	Categoría	Función
Vilanova da Costa, Diego		Profesor/a

Obxectivos da materia

- Proporcionarlle ao alumno unha visión xeral da evolución do proceso de integración europea.
- Introducir o alumno no sistema institucional e o sistema de fontes comunitario.
- Presentar unha visión ampla da lexislación social comunitaria e a súa aplicación dende unha perspectiva teórica e práctica.
- Analizar os principais temas da política social comunitaria (libre circulación de traballadores, emprego, non discriminación por razón de sexo, etc.).

Descritores da materia: "Evolución histórica da construción europea. Principais institucións comunitarias. Sistemas de fontes na Unión Europea. Lexislación social comunitaria".

Contidos

LECCIÓN 1ª. Evolución e desenvolvemento do proceso de integración europea

- a) O Plan Schuman e a creación das Comunidades Europeas
- b) O relanzamento do proceso de integración: da Acta Unica Europea ao Tratado da Unión Europea e as súas reformas
- c) Os intentos de "constitucionalización". O Tratado de Lisboa

LECCIÓN 2ª: A Unión Europea. Estructura xeral

1. Caracteres xerais da Unión Europea

- a) A personalidade xurídica da Unión Europea
- b) Os obxectivos e principios da Unión Europea

2. A adhesión e a retirada da Unión Europea

LECCIÓN 3ª. O Sistema Institucional da Unión Europea

1. Principios de Funcionamiento
2. As institucións da Unión Europea

LECCIÓN 4ª. As competencias da Unión Europea

1. As competencias da UE e o principio de atribución
2. Caracteres das competencias da UE
3. Categorias e ámbitos de competencias da UE
4. Competencias implícitas
5. O exercicio de competencias conforme ao principio de subsidiariedade. O principio de proporcionalidade
6. Mecanismos de control do principio de subsidiariedade

LECCIÓN 5ª. O ordenamento xurídico da Unión Europea

1. O sistema de fontes do Dereito Comunitario

- a) O Dereito orixinario
- b) O Dereito derivado

- c) Outras fontes do Dereito da Unión Europea

LECCIÓN 6ª. A aplicación do Dereito da Unión Europea

1. Os principios de primacía e efecto directo
2. O control da aplicación do Dereito da Unión Europea. Mecanismos xurisdicionais

LECCIÓN 7ª. O espacio social comunitario

1. Evolución histórica da Política social comunitaria
2. Bases xurídicas nos Tratados
3. As fontes da Política social comunitaria. Especial referencia ao diálogo social.

LECCIÓN 8ª. Os dereitos fundamentais na UE

1. O tratamento dos dereitos sociais fundamentais
2. Igualdade e non discriminación no ordenamento da UE

LECCIÓN 9ª. O mercado de emprego comunitario

1. As liberdades fundamentais
2. A libre circulación de persoas: beneficiarios e contidos

LECCIÓN 10ª. A armonización das lexislacións nacionais

1. Normas sobre contrato e condicións de traballo
2. Normas sobre seguridade e saúde no traballo
3. Normas sobre implicación dos traballadores na empresa
4. Normas sobre igualdade e non discriminación

LECCIÓN 11ª. A seguridade social no ámbito comunitario

1. A fallida armonización de lexislacións nacionais
2. A articulación dos rexímenes de Seguridade social:
 - a) Fontes e ámbito de aplicación
 - b) Principios
 - c) Prestacións

Bibliografía básica e complementaria

- Bou Franch, Valentín: Introducción al Derecho de la Unión Europea, Civitas Thomson Reuters, 2014
 - Mangas Martín, A.; Liñán Nogueiras, D. : Instituciones y Derecho de la Unión Europea, 9a. ed., Tecnos, Madrid, 2016
 - Nogueira Guastavino, M., et al, Lecciones de Derecho Social de la Unión Europea, Tirant lo Blanch, 2012.
 - Casas Baamonde, M. E., et al, Derecho Social de la Unión Europea, 2ª edición, Francis Lefebvre, 2020
- Atender sempre á última edición publicada

Competencias

- Comprensión de textos xurídicos.
- Capacidade para identificar e comprender cuestións xurídicas relevantes partindo dun conxunto complexo de feitos non estruturado xuridicamente.
- Capacidade para identificar e aplicar as fontes xurídicas (básicas).
- Capacidade para debater en profundidade argumentos xurídicos.
- Capacidade para encontrar solucións novas ou imaxinativas na formulación dun problema ou na utilización de recursos xurídicos con enfoques diversos.
- Capacidade para asesorar sobre as posibles resolucións dun caso e para deseñar estratexias alternativas conducentes ás distintas solucións.
- Capacidade para decidir se as circunstancias de feito son suficientemente claras para unha decisión fundada en dereito.
- Capacidade para elaborar e presentar unha decisión xuridicamente fundamentada.
- Capacidade para redactar documentos xurídicos, utilizando a terminoloxía tecnicamente apropiada.
- Capacidade para expoñer o coñecemento cun dominio axeitado das habilidades orais e escritas propias da profesión xurídica.
- Capacidade para identificar as preocupacións e valores sociais subxacentes nas normas e principios xurídicos.
- Capacidade para identificar os debates de actualidade e comprometerse neles utilizando para iso de maneira precisa o dereito aplicable.
- Capacidade para planificar e levar a cabo tarefas xurídicas complexas de modo autónomo.
- Capacidade para traballar en equipos interdisciplinares como experto xurídico.

Metodoloxía da ensinanza

A impartición da docencia desenvolverase ao longo dun cuadrimestre mediante clases expositivas e interativas. As clases teóricas ocuparán o núcleo central das explicacións e para o seu seguimento proporcionarase unha relación de manuais básicos e obras de carácter xeral. Esta aproximación teórica á disciplina completarase con casos prácticos (análise de casos e xurisprudencia e outros materiais) que incidan nos principais ámbitos temáticos que abrangue o programa.

Sistema de avaliación da aprendizaxe

Para poder culminar con éxito o proceso de avaliación continua, será necesario obter ao menos 5 puntos nas calificacións da avaliación continua, sendo necesario obter 2'5 puntos en cada unha das partes da materia.

Quenes desexen participar na avaliación continua, inscribíranse no campus virtual neste sentido. O abandono da avaliación continua ou a non obtención dos mínimos supondrá a calificación de "suspenso" na primeira oportunidade.

Quienes acudan á avaliación global poderán participar tamén, de forma voluntaria, nas tarefas e deberán concurrir ó examen final, que tendrá carácter escrito. Os traballos realizados na aula valoraránse, despois de superado o examen, con un máximo adicional de 1 punto. A segunda oportunidade, tanto para quen non superasen a avaliación continua como para calquera outra situación, consistirá neste modelo de exame.

Aos efectos do artigo 5.2 da Normativa sobre permanencia, entenderase que unha puntuación inferior a 0'25 puntos nas clases interactivas equivale a "non ter realizada ningunha actividade académica evaluable".

Réxime para o alumnado con exención de docencia. Os alumnos que estean en réxime de exención de docencia deberán poñerse en contacto cos profesores da materia para a elaboración dun programa de actividades titorizadas a distancia.

Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala

O estudante debe realizar un seguimento continuado da materia para poder asimilar e comprender de forma continuada os distintos conceptos explicados. Para iso, debe servirse da bibliografía recomendada, como material de apoio, tanto na vertente teórica como na práctica. Iso implicará unha dedicación ao longo de todo o cuadrimestre entre 20 e 30 horas.

Recomendacións para o estudo da materia

- Asistencia á clase e estudo continuado da materia.
- Procurar entender as explicacións e conceptos, sen efectuar unha mera retención memorística da materia.

Observacións

A REALIZACIÓN FRAUDULENTE DE CALQUERA ACTIVIDADES PROPOSTAS AOS ALUMNOS AO LONGO DO CURSO CONDICIONARÁ A QUE ESTAS SE TEÑAN POR NON REALIZADAS. A REALIZACIÓN FRAUDULENTE DO EXAME FINAL DETERMINARÁ A EXPULSIÓN DE ESTE E A CUALIFICACIÓN DE SUSPENSO NA CORRESPONDENTE CONVOCATORIA, ASÍ COMO O SOMETEMENTO A EXAME ORAL NAS SEGUINTE CONVOCATORIAS.